

I VOLTA A TAMBO

Embarcacións Tradicionais, Barcos Clásicos e de Época
Seixo-Marín, 5 de Maio 2012

Exposición - Xuntanza Marítima

Foto Nelson—FOTOVEDRA



Organización e colaboracións de:



Deputación
Pontevedra



Ilm^o. Concello de Marín



Programa da xornada: 5 de Maio

- Exposicións a flote e en seco
- Conferencia "O Patrimonio Marítimo e Fluvial de Galicia. ¿Por qué conservalo?" (Victor Fernández, Presidente da FGCMF)
- Travesía lúdica Volta a Tambo
- Entrega de premios, distincións e agasallos aos participantes



Información e Inscripcións en

Real Club de Mar de Agüete—Tfn^o: 986 709073

Mail: aguete@rcmaguete.com



EMBARCACIÓN TRADICIONAIS . BARCOS CLÁSICOS E DE EPOCA

Conservar y preservar nuestro Patrimonio Cultural

¿Por qué facer a Xuntanza? (baseado nos textos da WEB da FGCMF)

A Xuntanza consiste nunha gran concentración de embarcacións tradicionais representativas do patrimonio marítimo galego, así como doutras zonas xeográficas, acompañados de actos culturais e de lecer, xornadas de conferencias, coloquios, exposicións, publicacións, música e danza tradicional, artesanía, etc..

A celebración da mesma, ten por obxecto principal poñer de manifesto a riqueza do patrimonio marítimo e fluvial galego e a necesidade de conservalo.



Por outra banda, as Xuntanzas serven para amosar o traballo no eido da recuperación do patrimonio feito polas asociacións, é ó mesmo tempo, supón unha actividade de dinamización social e de lecer, converténdose nunha festa atractiva para os cidadáns e visitantes da vila que acolle a mesma.

É preciso subliñar un aspecto que non sempre é percibido en relación ao traballo que se ven desenvolvendo respecto do Patrimonio Marítimo Galego en xeral e das Xuntanzas de Embarcacións Tradicionais en particular. Referímonos ao potencial como elemento de dinamización das comunidades mariñeiras.

As Xuntanzas dinamizan sectores como a carpintería de ribeira, a velaría, os efectos navais, artesáns, e sobre todo e na medida que estase a protexer, conservar e divulgar o

Patrimonio Marítimo Galego, estamos a potenciar os atractivos turísticos das comunidades da beiramar axudando a un turismo sostible, tal e como recomendan os diversos proxectos en marcha da Comunidade Europea e o recente manifesto mundial dos museos co gallo da celebración do día mundial dos museos.

Podemos rastrexar a tradición navegante galega dende os barcos do coiro do heroi Breogán, e despois as naos noiesas e betanceiras medievais no comercio ata Londres, aquelas outras na ruta das Indias, ... pero debemos achegarnos á Galiza mariñeira do século XVIII para atopar cambios ben apreciables, uns autóctonos, os máis derivados da instalación dun Arsenal na ría de Ferrol (estaleros, baterías de costa, castelos, novas ideas, novedosas técnicas construtivas, ...) e pola chegada de vascos, "oficiales de los oficios" nos

estaleiros e de cataláns, “fomentadores” da salga: dos primeiros coñecéronse os cascos biscaíños precedentes das bucatas e das traíñas, os segundos trouxeron con eles novas técnicas empresariais, embarcacións e artes de pesca mediterráneas; establecéndose nos dous casos relacións de intercambio demográfico, económico e cultural a todo longo do Cantábrico e cara ao Mediterráneo.

Cen anos despois convivían nas nosas costas as embarcacións tradicionais e as importadas, entre estas algunha que viñera de Alén Mar: eran as game-las, dornas, lanchas volanteiras, do xeito e da xábega e de relinga, balan-dros, caiumbos, barcazas, botes, gabarras, trincados, chalupas, pataches, racús, pinazas, pailebotes, polbeiros, chalanas, canoas, faluchos, menuetas, barlotes, traíñas, caiucos, galeóns, chinchorros, bateis ..., con eles os últi-mos grandes veleiros da carreira de América e os primeiros vapores. A pouco, comezando o século XX, tiveron a compañía do fume das chemineas de máquinas alternativas, as sereas de bakas, boniteiras, bous ou tarrafas, movidas por carbón e que esculcaban novos e arredados caladoiros.

Dese tempo en diante os cambios tecnolóxicos e sociais conduciron á desaparición de moitas embarcacións clásicas, patrimonio común que moitos desexamos sexa conservado, especialmente dende os anos setenta da última centuria da man das aceleradas



transformacións das infraestruturas terrestres, dos cambios na poboación e na sociedade, foron indo ao desmantelamento e ao desguace case todas as embarcacións antigas, tamén pola irrupción no eido da grande ou pequena construción naval e de materiais (aluminio, plásticos), formas (dobre casco, popa cadrada), propulsión (turbinas, hydrofoil), polos novos trebellos de seguridade imprescindíbeis para navegar autorizadamente (sonda, GPS), polos cambios de dominio das instalacións portuarias, polas normas que veñen da Unión Europea ...

Coas Xuntanzas estamos a tratar de recuperalos e conservalos.

I VOLTA A TAMBO

EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS. BARCOS CLÁSICOS E DE ÉPOCA

Exposición – Xuntanza Marítima

Organizan : Real Club de Mar de Aguete



Asociación Galega de barcos Clásicos e de Época



Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial



DATA: 5 de maio do 2012

PARTICIPANTES: Calquera embarcación tradicional galega ou doutra rexión

PROPULSIÓN : remos; vela; remos/vela ou motor

A programación da Xuntanza será como segue:

Data	Hora	Acto
Sábado 5 Maio /2012	09:00 a 11.00 h.	Confirmación das Inscripcions; entrega da documentación e agasallos no Real Club de Mar de Aguete
	11.00 a 13.30 h.	Exposición ao público das embarcacións na explanada e nos pantalans; información sobre as mesmas, etc..
	12.30 a 13.30 h.	Conferencia O PATRIMONIO MARÍTIMO E FLUVIAL DE GALICIA: ¿PORQUÉ CONSERVALO? (por Victor Fernández, Presidente da FGCMF)
	13:30 a 15.00 h.	Tempo para xantar
	15.30 h.	Largada da travesía – Volta a Tambo deixándoa a babor
	19.30 h.	Hora tope do amarre de volta en Aguete
	20.00h.	Entrega de Premios, distincions e diplomas de asistencia nos salons do Real Club de Mar de Aguete no transcurso dun Viño Galego.

CONDICIONS DE PARTICIPACION

A Inscripción será Obligatoria e cun custo de 10 euros ata 6 metros de eslora; 15 euros ata 8 metros; 20 euros ata 12 metros e 25 euros maiores de 12 metros.

- As inscricions formalizaráanse necesariamente no formulario Oficial, aportando:
- A documentación correspondente, seguro, etc., de que a embarcación cumpre coa normativa en vigor para facer navegación recreativa, segundo a bandeira do seu país de orixe, baixo a exclusiva responsabilidade do patrón ou armador
- Coa inscrición daranse varios pases segundo tipo de embarcación, para asistencia á entrega de premios. Si algunha embarcación necesitase máis pases para acompañantes, poderán adquirilos ao prezo de 5 € cada un.
- **Importantísimo** facilitar aos organizadores **UNHA FOTOGRAFÍA RECENTE** da embarcación, en formato JPEG dun tamaño suficiente para reproducir, se é posible navegando, e cun resumo do seu historial, **antes do mércores 25 de Abril** para poder facer un libro para a exposición ao público e de recordo.

As inscricions, xunto coas fotocopias, entregaranse en Conserjería do RCM Aguete ou ben mediante correo electrónico ó fax

regatas@rcmaguete.com

REAL CLUB DE MAR DE AGUETE

Teléfonos 986 70 23 73 y 986 70 32 05

Fax : 986 70 27 08

Sendo a data límite de **inscrición Inicial o 25 de Abril ás 20.00 horas**. O Comité Organizador resérvase o dereito de ampliar devandito prazo.

O importe pódese facer por transferencia bancaria a conta do Real Club de Mar de Aguete de Novagalicia Banco: **2080/ 0430/ 32/ 0040103675**

Indicando no Concepto : VOLTA A TAMBO, e de seguido, o nome da embarcación o embarcacións.

Tamén pódese pagar en efectivo na Conserxería do Real Clube do Mar de Aguete de xoves ao domingo polas tardes.

AGASALLOS

- As embarcacións participantes que completen a Volta a Tambo recibirán un diploma Acreditativo de participación nesta Xuntanza.
- Adxudicaranse premios Especiais de distinta Categoría que outorgará un Xurado especializado e nomeado con anterioridad, en base a Mellor Conservación; embarcación máis bela das distintas modalidades de propulsión e aparello, etc..
- Haberá un Concurso de fotografía sobre a propia Xuntanza, cuxas BASES e premios publicaranse en breve
- Todos os participantes serán obsequiados tamén cun Viño Galego na entrega de premios e distincións, así como outros agasallos doados polos colaboradores


AVISO COMÚN

Todos os que participen nesta Xuntanza fano baixo o seu propio risco e responsabilidade.

O Comité Organizador ou calquera persoa ou organismo involucrado na organización do evento rexeita responsabilidade algunha por perdas, danos, lesións ou molestias que puidesen acaecer a persoas ou cousas, tanto en terra como en mar, como consecuencia da súa participación.

RECORRIDO DA TRAVESÍA

Saida as 15.30 h.—tope hora chegada, 19.30



INSTALACIONES

REAL CLUB DE MAR DE AGUETE



EXPOSICIÓN EMBARCACIONES A FLOTE

E	E	E
X	M	N
P	B	
O	A	S
S	R	E
I	C	C
C	I	O
I	Ó	
Ó	N	
N	S	

- Club 
- Conferencia
- Inscripciones
- Entrega